



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

IES LAXEIRO. ERASMUS +. Proxecto PRACTICUM DEPO 2020

CONVOCATORIA MOBILIDADES

O alumnado interesado en participar nas mobilidades ofertadas no Proxecto ERASMUS + 2020 debe formalizar a súa solicitude na secretaría do centro no prazo de dez días lectivos a partir da data da convocatoria.

Pode participar neste proxecto o alumnado de Ciclos Medios que remate os estudos de ciclo durante o ano 2021.

As mobilidades do Proxecto ERASMUS + 2020 deben rematar antes do 30 de maio de 2022

Requisitos para poder participar na mobilidade

O alumnado, para poder participar na mobilidade, debe cumprir os requisitos establecidos para os *Proxectos de mobilidade para beneficiarios e persoal de ensinanza de FP* do programa Erasmus+ e os establecidos no Proxecto Practicum Depo 2020 e que se detallan a continuación:

Ser persoas recentemente tituladas de ciclo medio de formación profesional do IES Laxeiro, durante o seguinte ano ao que finalicen os seus estudos, sempre que sexan seleccionadas durante o último curso académico da súa formación.

A persoa recentemente titulada debe iniciar e finalizar a mobilidade durante os 12 meses posteriores á data da súa titulación (data da firma das actas de avaliación), residir no noso país e ser maior de 18 anos.

Criterios de selección de persoas candidatas a realizar a mobilidade

A selección farase por procedementos equitativos, transparentes e igualitarios, segundo se establece na Guía do Programa Erasmus+, entre aquel alumnado solicitante que cumpra os requisitos para poder participar na mobilidade.

Será seleccionado para participar na mobilidade por parte do noso centro educativo, aquel alumnado que obteña unha maior puntuación no baremo de méritos establecido polo Proxecto.

O baremo de méritos está establecido en base aos seguintes criterios de selección:

- Adecuación da titulación e do perfil (30%)
- Nivel de coñecemento do idioma requirido (20%)
- Expediente académico (20%)
- Méritos (10%)
- Entrevista persoal (20%)

Non se procederá á valoración de méritos das persoas que non cumpran os requisitos para poder participar na mobilidade.

Lalín, 7 de maio de 2021